

CONCURSO

Mulle.RME 2024

*A muller na profesión da
Enxeñaría de Minas e Enerxía*

1.º premio: 300 € + diploma

2.º premio: 150 € + diploma

Envía as túas
fotografías antes
do 23 de febreiro de 2024

Máis información:
minaseenerxia.uvigo.es

CONCURSO

Mulle.RME 2024

A muller na profesión da Enxeñaría de Minas e Enerxía

- 1.º premio: 300 € + diploma
2.º premio: 150 € + diploma



Envía as túas
fotografías antes
do 23 de febreiro 2024
Máis información:
minaseenerxia.uvigo.es

Universidade de Vigo

Mulle.RME 2024

A temática do concurso de fotografía Mulle_RME é a **visibilidade da muller nas actividades relacionadas coa profesión de enxeñaría de minas e enerxía**: xeración, transformación, transporte e uso de enerxía, enerxías renovables, explotación de minerais e rocas, túneles e obras subterráneas, restauración de espazos mineiros, avaliación de impacto ambiental, fabricación e uso de materiais, explosivos, etc...

Bases de participación

- 1.º As imaxes deben ser orixinais e deberán amosar situación, paisaxes ou circunstancias relacionadas coas actividades anteriormente citadas e nas que a muller se presenta como protagonista activa ou polo contrario, nas que se poña de manifesto a masculinización da actividade.
- 2.º Admítense obras en branco e negro e en color, realizadas mediante calquera técnica fotográfica.
- 3.º Admitiranse un máximo de **3 obras orixinais** por autor/a, aínda que soamente unha delas poderá ser premiada.
- 4.º As fotografías poderanse enviar en formato dixital a eme@uvigo.gal ou a través dun programa de transferencia de arquivos a eme@uvigo.gal. No email indicárase: título, autores e descrición en 5 liñas da fotografía coa adecuación á temática do concurso.
- 5.º A data límite de recepción de fotos será o **23 de febreiro de 2023** ás 23:59 h. Calquera fotografía recibida despois desta data non poderá participar neste concurso.
- 6.º A participación no concurso implica a plena aceptación destas bases.

Resolución do concurso

- 1.º O **xurado** estará formado por un/a fotógrafo/a profesional, un membro do persoal docente de cada unha das titulacións da Escola, un membro do Persoal de Administración e Servizos da Universidade de Vigo, unha persoa representante da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo e dous representantes do alumnado da escola
- 2.º A decisión do xurado será publicada na páxina web da EME e comunicada por email aos participantes.
- 3.º As fotografías gañadoras exporáanse **temporalmente** no vestíbulo da EME xunto coas do resto de participantes. En caso de existir un número de fotografías tan elevado que non permítase a súa completa exposición por motivos de espazo, o xurado do concurso será o encargado de seleccionar un número apropiado para ese efecto.
- 4.º A entrega de premios e o acto de inauguración da exposición temporal das fotografías terá lugar durante as xornadas previstas para a celebración do día internacional da muller no vestíbulo da EME.
- 5.º As fotografías presentadas a concurso pasarán a ser **propiedade exclusiva da EME**, non podendo ser utilizadas polo autor/a en outros concursos ou publicacións. A EME poderá facer o uso que considere oportuno das mesmas. Nese caso, a/s fotografía/s utilizada/s presentarán sempre unha referencia ao seu autor/a.
- 6.º A EME non se fai responsable da **incorrecta manipulación** do material enviado por persoas alleas a esta institución ou por extravío do correo.
- 7.º A decisión do xurado é inapelable.
- 8.º O concurso fotográfico Mulle.RME 2024 poderá ser **anulado** se non se presenta un mínimo de fotografías.
- 9.º O xurado **rexeará** as fotografías que non cumpran o especificado nestas bases.
- 10.º A participación no concurso implicará a plena **aceptación** destas bases.

Premios

Os premios do concurso serán os seguintes:

- **Primeiro premio**: 300 € + diploma
- **Segundo premio**: 150 € + diploma

Os fondos destinados a estes premios irán con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.

Os premios estarán suxeitos á retención da porcentaxe de IRPF que corresponda.

Máis información

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Campus universitario
36310 Vigo

Tel.: 986 813 423
eme@uvigo.gal